

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOUTOMAIOR

Recadación

ANUNCIO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE INGRESO DA TAXA DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, CANON DA AUGA E COEFICIENTE DE VERTEVEDURA DO 1º TRIMESTRE 2020 DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ANUNCIO

O Sr. Alcalde, D. Agustín Reguera Ocampo, con data 6 de maio de 2020, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

Expte. 219/20: Padrón Taxa de auga potable, rede de sumidoiros, canon da auga e coeficiente de vertedura, 1º trimestre 2020.

Asunto: Ampliación do prazo de ingreso de Taxa en período voluntario.

ANTECEDENTES

1º) Con data 8 de abril de 2020 por Resolución da Alcaldía nº 2020-118 aprobouse o Padrón da taxa de auga potable, rede de sumidoiros, canon da auga e coeficiente de vertedura correspondente ao 1º trimestre do ano 2020.

2º) Con data 29 de abril de 2020 publicouse no BOP de Pontevedra anuncio de exposición pública do Padrón referido.

Debido á situación económica derivada do estado de alarma decretado pola crise COVID-19, se considera precisa a modificación da Resolución nº 2020-118, ampliando o prazo de pago da "Taxa de auga potable, rede de sumidoiros, canon da auga e coeficiente de vertedura" en período voluntario, polo que

RESOLVO:

Primeiro.—Modificar o apartado terceiro da Resolución 2020-118, de data 08/04/2020, quedando redactado do seguinte xeito:

Así mesmo faise saber que, sen prexuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas, será de catro meses dende a súa aprobación e publicación no BOP.



Luns, 11 de maio de 2020

Núm. 88

Asemade, para o caso de que os recibos xa foran enviados pola entidade bancaria aos contribuíntes, os mesmos poderán ser devoltos abonándose dentro do prazo de catro meses establecido.

Segundo.—Esta Resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web do Concello de Soutomaior.

O Alcalde,

Agustín Reguera Ocampo

Documento asianado dixitalmente á marxe.

